

# Tema 5: A PENÍNSULA IBÉRICA ENTRE OS SÉCULOS **XI E XV**

## 2. ORGANIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DOS REINOS CRISTIÁNS: REPOBACIÓN, ADMINISTRACIÓN E ECONOMÍA

1. Explica as diferenzas entre a monarquía de Castela e a da coroa de Aragón.

A monarquía de Castela é de carácter unitario, gobernando o monarca coas mesmas leis e normas sobre todo o reino. Pola contra, a Coroa de Aragón é de carácter federativo, mantendo cada reino integrado nela as súas propias institucións, leis e costumes.

Ademais, o monarca de Castela ten maior autoridade, xa que se consideraba que era un representante de Deus na terra. En Aragón impúxose a teoría pactista, segundo a cal o poder da monarquía tamén proviña de Deus, pero neste caso a través dos súbditos. En consecuencia, o monarca debía chegar a acordos con eles para poder gobernar, respectando as súas leis, costumes e dereitos.

2. Cal é a diferenza entre a Curia Rexia e as Cortes?

A Curia Rexia estaba composta polos estamentos privilexiados (nobreza e clero) e tiña a función de aconsellar ao rei no seu goberno. As Cortes, pola súa banda, estarían formadas polos tres estamentos, xa que nacen cando os monarcas introducen na Curia Rexia aos burgueses ricos designados polas cidades. As súas funcións varían nos distintos reinos, en relación ao tipo de monarquía que teñen. No caso de Castela, as Cortes, únicas para todo o reino, encargábanse de aprobar novos tributos e a alteración do valor da moeda. En Aragón cada reino tiña as súas propias cortes (agás Mallorca), e tiñan a función de aprobar as leis propostas polo monarca. En Navarra defenderon os foros e privilexios de cada estamento.

3. Tiña o monarca control directo sobre todos os seus territorios? Xustifica a resposta.

Non tiña unha autoridade directa sobre todos os seus territorios, unicamente sobre os de realengo. Os señoríos que estaban baixo o dominio dun señor feudal (nobre ou eclesiástico) tiñan moita autonomía. Do mesmo xeito, as cidades terían un goberno propio e autonomía económica.

4. Define os seguintes termos:

- a. Foro: Conxunto de leis, dereitos ou privilexios que na Idade Media concedía un rei a un territorio, municipio ou grupo social. Foron entregados aos distintos concellos que se formaron durante o proceso de repoboación coa finalidade de regular a vida local.

- b. **Orde militar:** institución formada por monxes-cabaleiros de que durante a Idade Media combinaron as actividades relixiosas coas militares. Na Península Ibérica ordes militares como a de Santiago, a de Calatrava ou a de Alcántara tiveron un papel protagonista na Reconquista e na posterior repoboación.
  - c. **Repoboación por repartimento:** Modelo de repoboación que se deu na segunda metade do século XIII no val do Guadalquivir, Murcia a fachada levantina e as illas Baleares. Consistiu no reparto do territorio de forma proporcional á participación na conquista.
5. Describe, coas túas palabras, as características da gandería nos reinos cristiáns durante a Plena e Baixa Idade Media. Investiga sobre as súas implicacións na actualidade: patrimonio, tradicións....

Durante a Plena e Baixa Idade Media Peninsular a gandería transhumante da ovella meiriña tivo un papel protagonista na economía dos reinos cristiáns. Os rabaños trasladábanse estacionalmente, dos pastos de verán no norte ós de inverno no sur, a través de itinerarios fixos, chamados cañadas en Castela, cabañeras en Aragón e carrerates en Cataluña. Este sistema xerou conflitos entre os pastores e os agricultores, xa que o paso dos rabaños polos campos estragaba as colleitas. Para defender os seus intereses os donos dos rabaños (nobres, ordes militares e clero) asociáronse formando o **Honrado Concello da Mesta** en 1273. Serían privilexiados polos diferentes monarcas dende Afonso X o Sabio, xa que a monarquía estaba interesada en recibir parte dos grandes beneficios que proporcionaba a exportación de la castelá. Polo tanto, a monarquía protexería os privilexios e intereses da Mesta a cambio do pago de impostos.

Para a segunda parte do exercicio tedes que ter atopado tradicións, asociacións, iniciativas ou outras manifestacións que reflectan a permanencia da cultura pastoril transhumante no presente. É importante que reflexionedes sobre o seu valor e relevancia como parte do patrimonio cultural e histórico.